



- Ante calquera variación durante o postoperatorio que lle preocupe ou considere anormal, póñase en contacto connosco.

CONTACTO

HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO (VIGO)
Consultas externas de Cirurxía Xeral

RECEPCIÓN C6

Tel.: 986811111

Extensión: 464928 (CANLES)

POSTOPERATORIO DE COLECISTECTOMIA LAPAROSCÓPICA

RECOMENDACIÓN S Ó ALTA EN
REXIME DE CIRURXÍA MAIOR
AMBULATORIA



VOSTEDE FOI OPERADO DE COLECISTECTOMÍA LAPAROSCÓPICA

- A operación transcurriu con normalidade.
- Despois dunha vixilancia estreita na Unidade de CMA, cumpre os criterios para seguir a recuperación no seu domicilio.
- A recuperación no seu domicilio presenta vantaxes tanto para vostede como para o sistema de saúde.

CONTROL DA DOR




- As molestias que ten son as habituais e consideradas como normais para este tipo de intervencións, especialmente na ferida umbilical, que é o lugar por onde lle foi extraída a vesícula.
- Durante a operación puxémolle anestesia local nas feridas para o seu maior confort e control da dor.
- En ocasións pode notar molestias nos ombreiros, que son tamén habituais e pasaxadeiras.
- A dor será facilmente controlable cos analxésicos habituais (Paracetamol, Metamizol, etc) que ten pautados no seu informe de alta.

Siga as indicacións analxésicas e o tratamento recomendado polo cirurxán

MOVILIDAD E HEPARINA

Aconsellámoslle moverse dentro da súa casa con normalidade, a recuperación será progresiva e día a día notará una melloría evidente. En 3-4 días poderá salir da casa sen dificultade.

Debido á restricción na mobilidade se recomendan as inxeccións diarias de Heparina de Baixo Peso Molecular. Se lle pautaron durante 10 días para evitar a formación de trombos (coágulos) nas venas das pernas.



No hospital lle foi ofrecida una inxesta lixeira, progresivamente poderá tolerar calquera tipo de alimento.

Recomendámoslle que durante o mes seguinte á operación, continue cunha dieta baixa en grasas.


Evite guisos e fritos, comidas copiosas, peixes azuis e cítricos.

CURA DAS FERIDAS

As feridas cirúrxicas están cubertas con apósitos especiais (Tipo Mólndal), non precisan curas diarias salvo manchado do apósito ou dor non controlada coa analxesia habitual.

En ocasións algunha das feridas pode dar problemas locais días despois da operación: seromas ou infección (poco habitual). Xeralmente poderanse tratar con curas locais e, ocasionalmente, asociar un antibiótico.

No caso de dúbidas: No seu Centro de Saúde lle poderán orientar e facerlle o tratamento axeitado baixo a supervisión do seu Médico de Cabeceira.



Terá unha revisión con seu cirurxán nas Consultas Externas do Hospital Alvaro Cunqueiro ós 15-20 días da operación. Atopará a cita no informe de alta.